



Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Avaliación do Plan Proxecta Dúas Illas

Finalizadas as actividades do Plan Proxecta "Dúas illas", procedemos á súa avaliación conforme os puntos indicados no formulario de solicitude.

- *Como foi tratado o tema dende o punto de vista curricular:*

No proxecto traballou o alumnado de 1º de DAM e o resto do centro de forma transversal (uso do galego e fomento de actividades creativas).

A idea base é que o alumnado do módulo de "Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información" de 1ºDAM actúe como se traballasen nunha empresa real e lles asignasen a tarefa de creación de páxinas web que mostren imaxes e información das illas de Arousa e Chrysí. Deste xeito, realizan en clase un traballo que simula un proxecto real.

Os resultados están expostos na web do instituto:

www.ies.sanclemente.net/plurilinguismo/equipo/plan-proxecta

- *Presenza da temática no centro educativo:*

A temática estivo presente por medio de carteis, presentacións e da exposición "Dúas illas". Tamén se publicaron documentos informativos.

Todo o traballo realizado está accesible dende a páxina

<https://www.ies.sanclemente.net/plurilinguismo/equipo/plan-proxecta/>

Tamén cabe destacar a publicación dun [artigo en La Voz de Galicia](#) sobre a exposición "Dúas illas". En xullo, a prensa local da Arousa, publicará artigos sobre a exposición na Illa formando parte do festival [O mar nunha flor](#).



- *Información exposta na web creada no proxecto:*

<https://www.ies.sanclemente.net/recurso/pek/tii/>

<https://twinspace.etwinning.net/11387>

- *Repercusión da exposición realizada:*

O día 18 de maio de 2016 ás 13:00 inauguramos a exposición “Dúas illas”, patrocinada pola UNESCO e o Concello da Illa de Arousa, con obras de catorce docentes-artistas de diferentes lugares e máis de trinta alumnos e alumnas do CEIP de Sestelo-Baión, IES da Illa de Arousa e 1º EPAL de Ierápetra. Trátase dunha das trinta e seis [exposicións enREDadas](#) que se realizan simultaneamente en varias cidades do mundo.

A repercusión do proxecto é importante xa que hai varias entidades (Consellaría de Medio Ambiente, Consellaría de Educación, Concellos da Illa de Arousa e de Ierápetra, Ministerios de Educación español e grego, Universidade Autónoma de Madrid) xunto coa prensa, á espera do resultado.

Por todo isto, consideramos que o desenvolvemento do proxecto foi satisfactorio.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016.

Visto e prace: A directora

Solicitar orixinal a: edlg@ies.sanclemente.net

Carmen Viñas Álvarez